

SOLICITUDES

Os interesados deberán inscribirse e facer a solicitude a través da páxina web da Consellería do Medio Rural:

http://www.mediatoralemar.xunta.es/areas/investigacion_e_formacion/transferencia_tecnologica/plan_e_actividades/

Os interesados tamén poderán obter a solicitude a través da páxina web da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia



<http://evega.xunta.gal/>

As solicitudes deberán remitirse perfectamente cubertas á EVEGA por:

Fax: 988 788 099 | e-mail: evega.medio-rural@xunta.es

Plan de transferencia para o apoio ás actividades de demostración e de información ao agro galego 2018

ORGANIZA

evega Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia

COLABORAN



El Liceo de Ourense



XORNADA TÉCNICA OS RETOS DA VITICULTURA ANTE O CAMBIO CLIMÁTICO

5 de xuño de 2018

Centro Cultural Marcos Valcárcel
Rúa do Progreso, nº 30 - Ourense

XUNTA DE GALICIA

PROGRAMA

09:00-09:30 Entrega da documentación. Presentación da xornada.

09:30-10:15 **Impactos e estratexias de adaptación ao cambio climático no sector vitivinícola.**

Vicente Sotes Ruiz | *Catedrático de viticultura da Universidade Politécnica de Madrid*
Vicepresidente da Organización Internacional da Viña e o Viño

10:15-11:00 **A vitivinicultura ibérica nun contexto de variabilidade e cambio climático: potenciais impactos e medidas de adaptación.**

Aureliano C. Malheiro | *Profesor do Departamento de Agronomía da Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD)*
Investigador do Centro de Investigación e Tecnoloxías Agroambientais e Biolóxicas (Vila Real, Portugal)

10:15-11:00 Pausa - café.

11:30-12:15 **Actuación española ante o cambio climático.**

Sergio Robredo Bruces | *Xefe de servizo da Subdirección Xeral de Coordinación de Accións fronte ao cambio climático. Oficina Española para o Cambio Climático (OECC)*

12:15-13:00 **Presentación dos resultados do proxecto “Diversidade de lévedos e de variedades de vide para a adaptación ao cambio climático na vitivinicultura”.**

Variedades de vide galegas: potencial como ferramentas de adaptación ao cambio climático.

Emilia Díaz Losada | *Tecnóloga da EVEGA. Doutora en Bioloxía*

O potencial dos lévedos.

Pilar Blanco Camba | *Investigadora da EVEGA. Doutora en Bioloxía*

12:15-13:00 **Mesa redonda: Os retos da viticultura ante o cambio climático.**

Moderadora: Pilar Blanco Camba

OBXECTIVOS

O cambio climático constitúe unha das maiores preocupacións ambientais na actualidade. Está causado fundamentalmente por determinadas actividades humanas, por iso é necesario implementar programas de medidas que contribúan a reducir o impacto destas.

Esta problemática levou ás institucións internacionais a tomar acordos e á creación de lexislacións que velen, fomenten e potencien a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) por parte dos diferentes países (Protocolo de Kioto, Cumio do Clima, Plan de Acción de Bali, etc.). Podería dicirse polo tanto que o cambio climático é un problema de política global, social e de saúde, que debера tomarse moi en conta polos diferentes sectores da sociedade.

O sector vitivinícola, como o sector agroalimentario en xeral, é especialmente sensible aos efectos do cambio climático. O desenvolvemento da vide está intimamente ligado á climatoloxía e os fenómenos da seca, as xeadas a destempo, a pedra (sarabia), as temperaturas elevadas, etc., poden ocasionar perdas considerables tanto no rendemento como na calidade da uva. O aumento dos azucres, para acadar unha maduración fenólica e aromática da uva, fai que aumente o grao alcohólico e diminúa a acidez dos viños.

Ante este panorama cómpre recordar o impacto que ten o cambio climático sobre a viña, a súa influencia na uva e as consecuencias na adega e nos viños. Pero tamén é importante coñecer as posibles estratexias das que os viticultores e adegueiros poden botar man para paliar estes efectos do cambio climático. A adaptación das técnicas culturais na viña e determinadas prácticas na adega poden axudar a mitigar estes problemas.

Os obxectivos desta xornada son:

- Reflexionar sobre o impacto do cambio climático no sector vitivinícola.
- Presentar as posibles estratexias de adaptación para mitigar os efectos do cambio climático na viña e na adega.
- Coñecer mecanismos, ao dispor dos viticultores e adegueiros, para evitar os danos causados: produción ecolóxica, medidas agroambientais.
- Revisar o potencial das variedades de vide galegas fronte ao cambio climático como recurso natural eficiente.
- Presentar resultados sobre a utilización dos lévedos autóctonos para reducir o grao alcohólico nos viños.

DESTINATARIOS

Viticultores, adegueiros, enólogos, persoal técnico das adegas e dos consellos reguladores, persoal investigador interesado no tema. Con especial fincapé ás mulleres e mozos/as agricultores/adegueiros en activo. Público interesado en xeral.

INSCRICIÓN

Número de prazas: 40 | Data de inscrición: ata o día 31 de maio de 2018